



*Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza*  
*Travesa dos Basquiños, 9, baixo*  
*15.704 Santiago de Compostela*  
*Tfno e fax: 981-570099*  
*Correo-e: [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)*  
*Páxina electrónica: [www.adega.gal](http://www.adega.gal)*

## ESCRITO DE ALEGACIÓNS

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, apresenta ao “Proxecto de drenaxe temporal da Mina de Touro” situada entre os concellos de O Pino e Touro, Expediente DH.W15.64849, as seguintes,

### ALEGACIÓNS:

**1. Ineficacia dos bombeos para solucionar os problemas de contaminación:** O “Proxecto de drenaxe temporal da Mina de Touro” que presenta “Explotaciones Gallegas S.L.” según se recolle na súa introdución, preséntase a requerimento da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para que a concesionaria adopte unha serie de medidas que limiten a saída de augas da mina. Segundo se indica, o seu carácter é temporal, en espera da eventual aprobación do proxecto de drenaxe da explotación no seu conxunto, incluído no expediente “Actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.”.

Consiste no bombeo temporal das augas dos regatos Portapego, Felisa e da balsa de Angumil con destino á balsa ubicada na corta de Vieiro, para o seu “posterior tratamento”. O carácter provisorio destes bombeos xustifícase pola limitada capacidade da balsa de Vieiro para acoller o volume de auga desviada, o que debuxa un horizonte temporal máximo de funcionamento de 6,8 meses. Unha vez depositadas na balsa de Vieiro, non está previsto tratamento algún para para corrir a hiperacidez e a alta carga de metais pesados destas augas, tan só o seu bombeo, polo que trasladaranse os problemas de contaminación primeiro á balsa de Vieiro e logo á bacía do río Pucheiras, agravando os problemas de contaminación que xa soporta.

**2. Indeterminación no tratamento e destino das augas bombeadas:** Cómpre lembrar que no proxecto de reapertura da explotación mineira contéplase, a respecto da balsa de Vieiro, que “se bombeará el agua situada en la corta de Vieiro para poder comenzar con las labores de extracción”. Esta actuación, que no proxecto mineiro estímase que afectará a 1,8 millóns de m<sup>3</sup>, fariase con carácter é previo á reanudación da actividade mineira nesa corta, e tería lugar nos 3 primeiros anos

da explotación. O destino destas augas non é outro que o DPH, e non fica especificado se estes 1,8 millóns de m<sup>3</sup>, aos que habería que engadir os resultantes dos bombeos temporais propostos, serían tratados ou non nunha proxectada planta depuradora que segundo a empresa funcionaría coa técnica de aireación, encalado e decantación.

Temos pois que para facer fronte á problemática das augas fortemente contaminadas con efluentes mineiros dos regos Felisa e Portapego e Angumil, a empresa decide suprimilos enviando as súas augas durante 6,8 meses á balsa mineira de Vieiro, para con posterioridade e logo de reanudados os labores mineiros, voltar a bombealas ao dominio público hidráulico (durante 3 anos, xunto co resto das augas de Vieiro) sen acreditar o seu correcto tratamento, apesar da grave contaminación que presentan.

Por outra banda, e logo de superado o previsto horizonte temporal de funcionamento, non se contempla ningunha solución para os regos Felisa e Portapego: vanse eliminar os bombeos voltaando á actual situación? Vanse manter o entubado enviando as augas, contaminadas polos lixiviados das entulleriras e estériles mineiros a outra balsa distinta da de Vieiro?

**3. Neglixencia nas medidas de control internas de efluentes e lixiviados:** No proxecto recoñécese que as augas que drenan o perímetro das balsas mineiras teñen un pH moi ácido como consecuencia de entrar en contacto con materiais sulfurados, e que esta situación lévase producindo dende o remate da antiga explotación (1973-1986), supostamente por non existir normativa naquel intre que obligase a impermeabilizar as balsas trala súa construción.

Esta afirmación non se corresponde coa realidade xa que tras o remate da explotación mineira anterior, as instalacións contaban cunha balsa perimetral que recollía as augas que lixiviaban dende a mina para seren re-enviadas á zona superior mediante unhas bombas instaladas ao efecto. Foi precisamente despois da compra destes terreos por Explotaciones Gallegas S.L. a principios dos anos noventa do pasado século, cando ao eliminar esta balsa e desmantelar as bombas, agravouse o problema de hiperacidez e alta concentración de metais pesados das augas dos regos desta zona.

**4. Falla de responsabilidade e deixación no tratamento das augas contaminadas:** A empresa promotora argumenta que non actuou nas augas do Portapego, Felisa e da balsa de Angumil porque a súa natureza hiperácida e fortemente metálica xerou unha biota de organismos extremófilos con gran interés científico. Resulta sorprendente e dende logo inaceptábel que Explotaciones Gallegas S.L. esgrima como xustificación para non resolver un problema de contaminación tan severo, fuxindo das súas responsabilidades na restauración do medio afectado, o suposto interés científico das augas contaminadas polos seus efluentes.

Igual de sorprendente é a afirmación de que a debido ao escaso caudal aportado por estes regos, a súa carga contaminante non afectará significativamente ao río no que verten, o Lañas e finalmente ao Ulla do cal é tributario. Isto significa que novamente Explotaciones Gallegas S.L. delega a súa responsabilidade ambiental na capacidade de dilución que poida ter a bacía fluvial na que verten os ríos contaminados pola súa actividade mineira.

Mais isto tampouco é así: as analíticas do propio organismo de bacía realizadas nos puntos de vertido e estacións de control de calidade das augas dos ríos que drenan a bacía mineira, incluídos o Lañas e mesmo o Ulla, amosan superacións das normas de calidade ambiental e/ou valores paramétricos fixados nos RD 817/2015 e RD 140/2003.

Así no Río Lañas (7 puntos de mostraxe, análises entre 2011 e 2018) demóstrase a posíbel superación da media anual de Pb en todas as estacións, e en 5 dos 7 puntos de medida no caso do Cr

VI. Níveis de Cu sobardando a media anual en 6 dos 7 puntos de mostraxe, co Zn amosando unha superación. Tamen aparecen picos de pH ácido en 2 puntos de mostraxe, cun valor mínimo de 3,31. O Al supera os valores paramétricos en todas as estacións deste río, o Fe en 6 e o Mn en 5. E polo que atijixe ao Ulla (mostra U4, MR- 00700, vinte metros augas abaixo da desembocadura do Brandelos, anos 2012-2018), detéctanse altos niveis de Cu, Zn, Fe, Mn, Al para todos os anos que hai datos.i

Temos pois que de resulta da negligente conduta da concesionaria, durante máis de 20 anos a contaminación provocada pola súa inacción trasladouse através das canles afectadas a toda a bacía, comprometendo a utilización destas augas para a práctica totalidade dos usos contemplados no PHGC, tanto ecolóxicos como de aproveitamento humano. Estamos ante un dos problemas ambientais de maior magnitude de toda a comarca, tanto pola súa gravidade como pola súa persistencia no tempo, que en absoluto pode xustificarse por un suposto interese científico.

A proba máis reveladora de que a tese da inafección da bacía manexada polo promotor é falsa, reside no feito de que sexa a propia administración a que obriga a aquel a realizar o presente proxecto para pretendidamente resolver, aínda temporalmente, os problemas derivados da persistente contaminación que está a soportar toda a bacía.

**5. Indeterminación sobre as medidas complementares ao bombeo e recoñecemento dos pasivos ambientais da antiga explotación:** Contémplase tamén como medidas “alternativas” ao bombeo para correxir o pH das augas, a realización dun estudo arredor de dúas propostas ou “medidas adicionais”: adición de cal hidráulica ou hidróxido de magnesio e/ou na construción dun humedal reactivo na balsa de Angumil utilizando tecnosolos, de xeito similar ao realizado na antiga corta de Bama. Porén no proxecto non se especifica se o estudo e a posta en marcha desas “alternativas” complementarán ao bombeo e realizaranse de xeito conxunto con este, nun momento posterior ou se só setrata dunha proposta teórica. En todo caso o dito estudo de investigación das “alternativas” non aparece orzamentado no proxecto.

No “Proxecto de drenaxe temporal da mina de Touro” inclúese como Anexo III a *“DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ASOCIADA A LA SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AGUAS PLUVIALES PROCEDENTES DE LA Balsa DE BAMA. TOURO”*. Trátase dun informe técnico que complementa a solicitude de permiso de vertedura da balsa de Bama supostamente presentada pola empresa perante o organismo de bacía. Neste informe proponse tratar con tecnosolos as augas que escoan dentro da mina cara a balsa de Bama (“balsa 2”), co obxecto de reducir o pH e a carga de metais e sólidos en suspensión que están chegando a dita balsa e rebordando cara o DPH. A empresa informa tamén que este proceso xa está en marcha.

Á marxe de considerarmos axeitadas ou non as medidas debuzadas neste informe técnico, queremos chamar a atención sobre os seguintes aspectos, tirados da información que contén:

-A balsa de Bama, denominada “balsa 2”, leva vertendo durante anos augas contaminadas pola mina ao DPH, sen ningún tratamento e sen contar co preceitivo permiso de vertedura.

-A empresa recoñece a alta carga contaminante das augas de escorrentía interiores á mina, que denominan “augas brutas”. Son estas as que escoan cara a dita balsa de Bama (balsa 2) e fan que os aportes por rebordamento desta balsa ao Brandelos non cumpran coas NCA.

-Na súa argumentación a favor de tratar con tecnosolos as augas previo á chegada destas á balsa de Bama, Explotaciones Gallegas S.L. afirma que estas “augas brutas” xéranse na mina debido ao alto potencial acidificante de “case a totalidade” (>90%) dos materiais xeolóxicos naturais da explotación. O risco de acidificación é todavía maior nas entulleiras e taludes onde se acumulan os estériles da

antiga explotación. Estas afirmacións cuestionan a catalogación e cubicación que a promotora realizou dos materiais denominados NAG (non xeradores de drenaxe ácida) e PAG (potencialmente xeradores de drenaxe ácida), e que estimou nun 50%-50% como máximo, no proxecto "Actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael número 2946, sita nos concellos de Touro e O Pino (A Coruña), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.". Este feito vén a confirmar o xa apuntado por ADEGA nas súas alegacións ao proxecto de explotación, non senso de que a práctica totalidade dos entullos xerados pola reapertura da mina xerarían drenaxes ácidas. Deste xeito, todo o sistema de caracterización e distribución dos estériles previsto pola empresa no seu proxecto sería inaxeitado en relación á prevención das afectacións ambientais, pois as augas de contacto non poderán ser captadas e tratadas adecuadamente, invalidando o proxecto na súa totalidade.

-Explotaciones Gallegas S.L. informa de altos contidos de Cd (supéranse as NCA), para as augas "brutas" do interior da mina que chegan á balsa de Bama. Curiosamente, nas analíticas das augas que esta balsa verte ao Brandelos non se dan valores de Cd. Recoñécese pois que hai augas con altos valores de Cd que se orixinan no interior da mina e chegan ao DPH através do rebordamento desta balsa. Xa que logo, a teoría que mantén a empresa (apoiada nun ditame pericial) de que o Cd que aparece no rego das Pucheiras provén dos puríns vertidos pola actividade gandeira, carece de calquer fundamento.

Por todo o anteriormente exposto, dende ADEGA,

**SOLICITAMOS:**

1. Que se teñan por presentadas estas alegacións e se teñan en conta as consideracións feitas de cara á autorización do proxecto.

2. Que calquera proxecto que se aprobe para o control da contaminación dos efluentes mineiros debe aportar unha a solución definitiva e permanente, nunca temporal, de xeito se garanta a non afección ao medio natural.

3. Que calquera medida que se autorice non supoña o traslado do problema de contaminación das augas mineiras dunha ubicación a outra dentro da explotación, e en todo caso no supoña un risco ou factor de empeoramento da calidade das augas e dos solos en toda a área da contorna mineira.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019,

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA